

¹Onte, a partires das 8,30 da serán, 100 mulleres, entre as que atopabase a concellala por U.G. Aurora Plata, permanecemos pechadas no Axuntamento de Santiago en solidariedade cas 11 mulleres que van ser xuzgadas en Bilbao, o día 26 deste mes.

Durante o peche as mulleres ali presentes falamos das actividades que con motivo deste xuicio estamos a realizar, sacando finalmente un comunicado das pechadas que reproducimos a continuación :

CON ESTE PECHE QUEREMOS MANIFESTAR :

- 1- A nosa solidariedade cas 11 mulleres procesadas, con totalas mulleres procesadas, detidas ou pendentas de xuicio por prácticas abortivas.
- 2- O noso desacordo có xuicio que se vai celebrar o 26 en Bilbao.
- 3- Que o dereito de abortar é un dereito que atingue única e exclusivamente as mulleres, que este dereito debe estar recoñecido legalmente pra que toda muller que desexe voluntariamente interrompir o seu embarazo non desexado o poda facer sin presións de ningún tipo, gratuitamente e en condicións médicas i sanitarias axeitadas.
- 4- Que se creen centros de información sexual en número suficiente pra non confundir maternidade con sexualidade; para que as mulleres en particular, podan disfrutar libremente da súa sexualidade sin estar sometidas ó constante perigo do embarazo.

As mulleres pechadas no Axuntamento de Santiago, expresando deste xeito o noso desacordo co próximo xuicio que o 26 vaise celebrar en Bilbao, con todos os xuicios, detencións e condenas que por esta razón se teñen realizado,

¹ Transcripción literal realizada a partir do texto orixinal pola Comisión de Igualdade do CCG

MANIFESTAMOS

O aborto é un dereito da muller que ningunha persona, lei, institución ou moral pode negar.

DEPOIS DA ELABORACIÓN DESTE COMUNICADO FIXERON PRESENCIA AS FORZAS DA POLICÍA MUNICIPAL= AS MULLERES NEGÁMONOS A SALIR; A DESALOJAR O LOCAL NO QUE NOS ATOPABAMOS POR CREER QUE ESTABAMOS NO NOSO DEREITO DE EXPRESAR A NOSA SOLIDARIDADE CAS 11 MULLERES. POR ORDEN DO ALCALDE DE SANTIAGO, A POLICÍA ENTROU NO AXUNTAMENTO E NO LOCAL ONDE ESTABAMOS, ADVERTINDONOS QUE COMO NON DESALOJARAMOS TIÑAN ORDEN DE CARGAR= DEMPOIS DALGUNS MINUTOS DE SILENCIO E DADO O ACORRALAMENTO NO QUE NOS TIÑA A POLICIA NO LOCAL ONDE ESTABAMOS, TIVEMOS QUE DESALOJAR.

MANIFESTAMOS A NOSA REPULSA POR ESTE NOVO ATENTADO CONTRA A LIBERTADE DE EXPRESIÓN E HOXE MAIS QUE NUNCA PEDIMOS AMNISTÍA PRAS 11 MULLERES E O DEREITO AO ABORTO